

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO
6 DE FEBREIRO DE 2025**

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira*), sendo as **vinte horas** do **xoves 6 de febreiro de 2025** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral o **03-02-2025**) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario**.

A celebración do pleno adopta a modalidade de "**presencial**" según Decreto de Alcaldía de data 3 de febreiro de 2025.

Partido Popular (PP)
1.- María José Sampedro Fernández
2.- Analsabel Barreiro Rego
3.- Alejandro Vidal Álvarez
4.- Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.- Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.- Víctor Reiriz Lampón
7.- Ramón José Doval Sampedro
8.- Carmen Pérez Gómez.
9.- Eladio Muñiz Muñiz
10.- Juana María Brión Santamaría
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.- Luis Antonio Pérez Barral
2.- María Cruz Rivadulla Márquez
3.- Genoveva María Betanzos Fernández
4.- Antía Alberte Maneiro
5.- Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.- Vicente Mariño de Bricio
2.- María Herminia Pouso Maneiro
3.- Juan Luís Furones Ramos,
4.- Tania Redondo Fernández
5.- Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.- Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo Sr. **Secretario** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo Sr. **Interventor** do mesmo. D. Pablo Bao Castro.



ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 27 DE XANEIRO DE 2025

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario celebrado o 27 de xaneiro de 2025.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **27 de xaneiro de 2025.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2025.**

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

Dase conta ao Pleno dunditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 3 de febreiro de 2025 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data do seguinte tenor literal:

Primeiro: -“Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	165.281,31
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	631.772,59
Subtotal gasto corrente	797.053,90

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou da subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		



NOVO GRADERÍO PARA O PÚBLICO NO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA	260.000,00	-----	-----	0,00	260.000,00
RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA CASTELAO (AGUIÑO)	103.253,52	-----	-----	0,00	103.253,52
PAVIMENTACIÓN DA RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (RIBEIRA)	79.322,65	-----	-----	0,00	79.322,65
AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CRISTAL (OLVEIRA)	43.059,73	-----	-----	0,00	43.059,73
Subtotal investimentos achega provincial 2025	485.635,90€	-----	-----	0,00	485.635,90€

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello		Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	165.281,31		165.281,31
	Achega 2024	631.772,59		631.772,59
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	485.635,90		485.635,90
	Achega 2024	0,00		0,00
C- TOTAL	Achega 2025	650.917,21		650.917,21
	Achega 2024	631.772,59		631.772,59
	TOTAL	1.282.689,80		1.282.689,80

Segundo:- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbeis que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



Denominación dos investimentos financeiramente sostibles <i>(mínimo do 25% da achega provincial 2025)</i>	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible <i>(encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</i>	(C) = A-B Orzamento subvencionable <i>(Diferenza entre a columna A e a B)</i>
AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NO LUGAR DE A PONTE (ARTES)	66.971,56		66.971,56
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN MOSQUEIROS (CASTIÑEIRAS)	63.934,92	11.096,14	52.838,78
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA AGRÍÑA (PALMEIRA)	115.973,84		115.973,84
PAVIMENTACIÓN DA RÚA BUENOS AIRES, ENTRE RÚA DO CANAVAL E TRAVESÍA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)	92.914,10		92.914,10
AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN MUÍÑOS (OLEIROS)	84.499,53		84.499,53
TOTAIS	424.293,95€	11.096,14€	413.197,81€

Terceiro:- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás as necesarias para a realización das obras dos seguintes proxectos:

- Proxecto: AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NO LUGAR DE A PONTE (ARTES), para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña e autorización ao Servizo de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

- Proxecto: RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN MOSQUEIROS (CASTIÑEIRAS), para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña e autorización ao organismo autonómico competente en materia de Costas (Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de A Coruña, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

Cuarto:-Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

Quinto:- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Sexto:-Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo:- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo:- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación



ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 3 de febreiro de 2025, coseguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PPB, 1 Ps de G-Psoe)
-VOTOS EN CONTRA: 0
-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 3 de febreiro de 2025, sobre **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-“Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024””:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	165.281,31
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	631.772,59
Subtotal gasto corrente	797.053,90

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou da subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
NOVO GRADERÍO PARA O PÚBLICO NO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA	260.000,00	-----	-----	0,00	260.000,00
RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA CASTELAO (AGUIÑO)	103.253,52	-----	-----	0,00	103.253,52
PAVIMENTACIÓN DA RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (RIBEIRA)	79.322,65	-----	-----	0,00	79.322,65
AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CRISTAL (OLVEIRA)	43.059,73	-----	-----	0,00	43.059,73
Subtotal investimentos achega provincial 2025	485.635,90€	-----	-----	0,00	485.635,90€

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		Orzamento total
	Deputación	Concello	
Denominación da obra ou da subministración			



Terceiro:- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás as necesarias para a realización das obras dos seguintes proxectos:

- Proxecto: **AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NO LUGAR DE A PONTE (ARTES)**, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña e autorización ao Servizo de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

- Proxecto: **RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN MOSQUEIROS (CASTIÑEIRAS)**, para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña e autorización ao organismo autonómico competente en materia de Costas (Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de A Coruña, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

Cuarto:-Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

Quinto:- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Sexto:-Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo:- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo:- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **20 horas e 45 minutos** do día da data do que eu, como secretario dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo. Luís Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

